



Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular, e José Miguel Caride Domínguez voceiro de Democracia Ourense na Deputación de Ourense, para o seu debate en Pleno presentan, para a súa aprobación pola Corporación Provincial, a **MOCIÓN PARA INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS OUTORGAN ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS**, tendo en conta os seguintes

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española no artigo 137 establece que o Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e en Comunidades Autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

O artigo 140 da Constitución Española garante a autonomía dos municipios e establece que “estes gozarán de personalidade xurídica plena” e que “o seu goberno e administración corresponde ós seus respectivos Concellos, integrados polos alcaldes e os concelleiros”.

Doutra banda, a nosa Carta Magna no seu artigo 142 establece que “as Facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas”.

Estes principios constitucionais desenvolvéronse a través de diversas leis que garanten, por unha banda, a autonomía local e, por outra, que as entidades locais contan cos recursos suficientes para atender as necesidades dos seus veciños.

Desta forma, a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que “para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado (...) deberá asegurar ós Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito para intervir en cuantos asuntos afecten directamente ó círculo dos seus intereses” e que “o goberno e a administración municipal (...) corresponde ó concello, integrado polo alcalde e os concelleiros” (Art. 2 e 19 de LRBRL).



Esta Lei, instrumento fundamental nas definición das competencias e obrigacións das entidades locais, sinala ademais que **“a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban”** (Art. 57.1 LRBRL).

Por último cabe sinalar, que a LRBRL establece no seu artigo 105 que **“se dotará ás Facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais” e que ditas facendas locais“** nótrense, ademais de **tributos propios e das participacións recoñecidas nos do Estado e nos das Comunidades Autónomas**, e tamén daqueles outros recursos que prevexa a Lei”.

**Faise necesario lembrar todas as leis que protexen a autonomía, organizativa e de xestión dos seus recursos, das entidades locais, así como as diferentes fontes de financiamento das mesmas, por varios motivos:**

**1- O Goberno de España** cun absoluto desprezo á nosa Constitución e as leis que regulan a organización, competencias e a Facenda das entidades locais **negou inxustificadamente o pago ás EELL do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017.**

**2- O Goberno de España está a estudar “confiscar”- parece ser- o superávit xerado en 2019 polas EE. LL. (5.000 millóns de euros) así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias (28.000 millóns de euros) como consecuencia de xerar superávits desde o ano 2012, segundo puidemos coñecer por unha noticia publicada no "Diario das Palmas, 28/03/2002.**

Información que se ve ratificada polas **declaracións realizadas pola ministra de Facenda o 30 de abril no Congreso dos Deputados, nas que fixo alusión á posibilidade de chegar a un acordo coa FEMP para que a utilización do superávit municipal poidase empregar para "cubrir aqueles gastos que o resto de administracións non poidan chegar, de maneira que**





entre todos podamos actuar sinerxicamente sobre o cidadán único ou sobre a empresa pública".

Hai que sinalar que a xeración dos devanditos superávits non se debe soamente á aplicación da **Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)** posto que esta lei “vincula a todos os poderes públicos (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social)” (Art. 1 e 2 da LOEPSF)” pero só as corporacións locais, grazas a unha xestión eficiente e rigorosa dos seus recursos, foron capaces de xerar de maneira recorrente un saldo positivo nas súas contas públicas ao peche de cada exercicio orzamentario axudando a que o noso país puidese cumprir cos obxectivos de déficit público establecidos pola Unión Europea.

Estes superávit, tal e como recolle o artigo 32 da LOEPSF, destináronse a reducir o nivel de endebedamento das entidades locais, á execución de investimentos financeiramente sostibles que reverten en beneficio dos veciños e, en moitos casos, a seguir xerando aforros para poder conxugar a prestación de servizos públicos de calidade aos veciños cunha fiscalidade baixa sen hipotecar ás xeracións futuras.

Desde hai varios anos, as entidades locais veñen reclamando ao goberno central unha maior flexibilidade para poder aplicar os superávits xerados pero sempre respectando a autonomía local consagrada na nosa Carta Magna e nas leis.

As entidades locais constitúen a administración máis próxima ao cidadán e mostraron sempre a súa solidariedade co resto das administracións españolas ao asumir competencias impropias sen recibir, en moitos casos, o financiamento adecuado de Comunidades Autónomas e do Estado para exercelas o que provocou que tivesen que destinar recursos propios, recursos de todos os seus veciños, a manter as mesmas.

Ademais, nesta crise sanitaria, social e económica, derivada da pandemia provocada pola o COVID-19 foron os primeiros en implementar medidas para conter a expansión do virus e de apoio á poboación máis vulnerable (maiores, enfermos, etc.) por exemplo,



ampliando os servizos de axuda a domicilio. Tamén foron por diante na conversión de moitos servizos públicos de modalidade presencial a telemática para que os seus veciños puidesen seguir gozando de espectáculos culturais, cursos de formación, etc.

**Pero as entidades locais non poden ser a táboa de salvación para un goberno que, desde xuño de 2018, foi incapaz de aprobar uns Orzamentos Xerais do Estado, estivo máis pendente da propaganda que da xestión seria e rigorosa dos recursos de todos os españois, que negou a Corporacións Locais e as Comunidades Autónomas os ingresos que lles corresponden por lei (IVE de decembro de 2017 impagado) e que conseguiu o gran "logro" de incrementar o déficit público español por primeira vez desde 2012.**

En virtude do exposto, solicítase ao Pleno da Deputación de Ourense a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Instar o goberno de España a:

- 1.- Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outros subterfugios legais, para apropiarse dos aforros das EE. LL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do Goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.
- 2.- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
3. Flexibilizar as regras para que as entidades locais poida utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.



4 -Que se se expón modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados, ante os lexítimos representantes de todos os españois, dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado (Art. 1.4 da Lei 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma excepción e sitio).

5.- Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020 na que estivo presente o Presidente do Goberno e na que se acordou que non se expuxesen cambios no Congreso sen estar previamente acordados coas EE. LL.

Ourense, 10 de maio de 2020

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño

Asdo.: José Miguel Caride Domínguez

**AO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**